

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

- ANEXO I debidamente cuberto.

- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

Para o alumnado de EP e ESO

- a) **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de **achegar os documentos xustificativos**:
- DNI ou NIE
 - Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado tributación de imputacións no exercicio 2018.
 - Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
 - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)
- b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:
- **Copia do libro de familia** ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
 - En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a **sentenza xudicial e/ou convenio regulador** onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Excepcionalmente, **no caso de que o solicitante careza de DNI ou NIE**, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos **casos especiais**, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un **certificado ou volante de convivencia** no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- c) **Certificado acreditativo do grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- d) **Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- e) Resolución xudicial de **incapitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.
- f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da **situación de acollemento** ou certificado do centro de menores para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
- g) **Certificado de convivencia**, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano